

**EU DE MAIOR QUERO SER... VETERINARIO**

**COMO MARIA JOSEFA CERRATO**

**XAVI REBOLO**

# María Josefa Cerrato Rodríguez



# CANDO NACEU E CANDO MORREU

María Josefa Cerrato Rodríguez naceu o 6 de febreiro no ano 1897, en Arroyo de San Serván, Badajoz, e morreu o 30 de abril, no ano 1981 en Calamonte, Badajoz.

# QUEN FOI?

María Josefa de los Reyes Cerrato Rodríguez foi unha veterinaria española. Pioneira neste campo, foi a primeira muller de España e a terceira de Europa en obter o título universitario de Veterinaria; completou os seus estudos de forma brillante e licenciouse en 1925 na Escola Especial de Veterinaria de Córdoba, centro de orixe da actual Facultade de Veterinaria. Clínica Veterinaria de Córdoba. 4

# QUE FIXO?

O seu avó e o seu pai foran veterinarios, e a súa nai mestra, pero cando o seu pai se xubilou, o seu irmán, que dirixía o negocio familiar, tería que pechalo se non había veterinario. Foi o seu pai quen a animou a matricularse na universidade para obter o título de veterinaria. Daquela as mulleres tiñan prohibido cursar esta carreira, polo que en 1923 María Josefa tivo que obter un permiso especial do Ministerio de Instrucción Pública que incluía un certificado médico que avalaba as súas capacidades físicas.